



**A Asociación Empresarial Veterinaria de Galicia (CEVE Galicia) fai fincapé na necesidade da vacinación antirrábica nos cans, gatos e furóns en Galicia para establecer un marco de seguridade zoonitaria na Comunidade.**

A raíz dos recentes acontecementos en Ucraína e ante o temor doutra posible emerxencia sanitaria, o sector empresarial veterinario galego, na súa labor en garantir a Saúde Pública, sendo conscientes da capacidade para axudar na xestión desta ameaza non quere quedar á marxe das decisións que se poidan adoptar en materia de Sanidade Animal.

A rabia é unha das zoonoses máis importantes. É unha das enfermidades inscritas na lista do código Sanitario para os animais terrestres da organización Mundial de Sanidade Animal (OIE) sendo de declaración obrigatoria (EDO). No caso mais extremo temos a Ucraína onde no período de tempo entre 2018 e 2020 reportáronse ata 2616 casos de rabia en animais domésticos e salvaxes e no home.

A normativa da Unión Europea para a entrada de cans, gatos e furóns inclúe que estes animais teñan implantado un sistema de identificación válido (o microchip), que estean vacinados contra a rabia, que seguiran un tratamento fronte a *Echinococcus multilocularis* e que veñan acompañados dun certificado zoonitario da Unión Europea.

A invasión rusa da Ucraína está provocando a entrada de persoas acompañadas das súas mascotas, ás que non queren deixar abandonadas. Isto está dando lugar a numerosos conflitos coa normativa de Sanidade Animal Internacional xa que moitos destes animais carecen dos certificados exigibles para seren admitidos.

Hungría, Polonia, Romanía e Eslovaquia, pola cercanía das súas fronteiras, xa facilitaron o ingreso de animais que acompañan ós refuxiados relaxando temporalmente os requisitos de importación.

Á espera de que se pronuncien outros Estados Membros, entre eles España, CEVE Galicia quere facer un chamamento á administración galega lembrándolles a non obrigatoriedade da vacinación antirrábica en Galicia, onde só o 8% dos cans está vacinado. Esta decisión de non vacinar vai en contra de todas as recomendacións e consensos na loita fronte a esta enfermidade e a defensa da Saúde Pública, obviando e desprezando un recurso de fácil implantación e recoñecido como eficaz e imprescindible e nunha época de emerxencia social no que é necesaria a máxima solidariedade pero sempre dende un entorno sanitario seguro.

CEVE Galicia quere amosar a nosa solidariedade a aqueles que foxen das zoas de conflito e que ven os seus Dereitos Humanos e o Benestar Animal das súas mascotas comprometidos por estas trágicas situacións.

Porén, insta novamente á administración da Xunta de Galicia na necesidade de implantar a vacinación antirrábica obrigatoria en Galicia establecendo como outras veces un marco de total colaboración neste ámbito co que está profundamente implicado.